

## O MEU “CURIOSIDIARIO” ACADÉMICO

A idea deste curiosidiario (curiosidades diarias) académico naceu un día calquera nalgún dos recreos dun centro de ensino secundario. Vai dedicado a todos aqueles que conseguistes non saír nel...

### **Preguntas do primeiro día de clase**

27-09-2009

A todos vos soarán estas preguntas que os alumnos fan o primeiro día de clase... salto as habituais como de onde es ou como te chamas... Céntrome nas “raras”:

- Que coche tes? que cor? que modelo? corre? cantos cabalos? etc etc (o primeiro día e xa che queren pinchar as rodas?)

- Tes noiva? estás casado? (A isto debemos SEMPRE responder que si, así evitaremos as seguintes preguntas)

- Es de aquí? onde vives? de onde es? (Se temos que contestar a isto é que a cagamos na pregunta anterior... saben que tes coche, que estás solteiro, só lles queda a dirección, para pincharche as rodas, ou que pensabas?)

- Tes móbil? dásnolo? (é que se cho dou quedo sen el...)

### **Como é posible que os días sigan tendo 24 horas?**

29-09-2009

O que se ve no título é o que me preguntou un alumno ao día seguinte de cambiar a hora... Profe como é posible que si atrasamos a hora os días sigan tendo 24 horas? Si si...pensade...que fácil de explicar non che é...!

### **O coche**

21-10-2009

O coche é un gran elemento de distracción para os alumnos... que se cantos cabalos ten, que se é a gasolina, que se corre, etc etc. Son mil e unha as prgeuntas que poden facerche estas feras sobre o coche... Conclusión: Máis vale ir andando que centos de preguntas escoitando.

### **Tu a min chúpasma!**

12-11-2009

Hai mil e unha formas de empezar unha clase... e unha delas é escoitando de boca dun alumno: “Tu a min chúpasma”. Nun principio intentas reordenar as sílabas a ver se lles buscas outro sentido... “Tuamin chu pasma”, pero no hai maneira...oíche ben...Entón chega o momento de actuar, e que me sae dicir? ...pos nada...que baixe os pantalóns... e efectivamente “pois veña, baixa os pantalóns que empezo”... No hai resposta...gañei unha hora de clase tranquila!

### **O peite e as pinzas**

14-12-2009

Estaba eu na clase de primeiro de bacharelato cando vexo a unha rapaza cun peite e unhas pinzas amañando o pelo... e claro, o de sempre... que carallo lle digo eu a esta... e nada, o primeiro que me saíu, acerqueime a ela e díxenlle que se lle axudaba... e quedou toda cortada a pobre... e seguinlle riñindo un pouquiño... Eu non sei se esta muller se acordará de isto cando teña máis idade... pero non vos parece ridículo peitearse no medio dunha clase... que pensarían os compañeiros? que pensaría eu mesmo? Isto último gárdoo para min, pero repito... que ridículo...

## **A sá de profesores**

12-01-2010

Que é unha sá de profesores? É un sitio para falar ou para traballar? É un sitio para estar en silencio? É un ciber? O do ciber entendémolo os que andamos neste mundo... quen non tivo algún roce por culpa dun ordenador da sá de profesores? Ou quen non ten un/unha compañeir@ que se pasa máis tempo sentado no ordenador que dando clase? Pero iso non me interesa... Este lugar pode ser moitas cousas, pero nunca debería ser un lugar incómodo, como ocorre moitas veces... Como é posible que seis profesores sentados arredor dunha mesa non digan nada en 50 minutos? Pois pasa... Un le o xornal (50 minutos?, pois si); outra recóstase na cadeira coa cabeza mirando ao teito; dous estamos nos dous ordenadores da sá; outra xoga cun bolígrafo; e outro tose, pola incomodidade?) Si queremos ser comunicativos cos alumnos deberíamos ser comunicativos entre nós...

## **Penamaior ou Penemaior?**

23-01-2010

A un minúsculo grupo de 2º de ESO propúxenlle crear unha lenda sobre o nome dun lugar, de Penamaior. Un dos alumnos escribiu literalmente o seguinte: “A cidade de pena maior chamabase así poque a formaron dous érmanos, un chamábase Pene e o outro Maior”  
Está ben a lenda verdade? Unha pena que o sitio se chame Penamaior e non Penemaior... Contactarei co alcalde para un posible cambio na nomenclatura do sitio...

## **Fanar, pirar, copar, latar, etc...**

25-01-2010

Eu sempre lle chamei pirar. En B. chamanlle copar. E en V. é fanar. Conceptos distintos para o mesmo significado: saltarse unha clase, ou varias!  
Pois hoxe a miña clase de última hora (un venres) foi vítima da “fanada” de dous alumnos. O máis curioso é que cun deles falara pola mañá, díxome que á última hora non podía vir porque ía ao médico con súa nai... díxenlle: moi ben. A outro alumno tamén o vira.  
Estes dous alumnos son case a metade da clase do agrupamento de 1 de ESO, porque só son 5 alumnos aos que lles teño que dar clase. Cando vin que na clase había só 3, pois pregunteilles polos compañeiros que non estaban... Non sabían ou non lles interesaba saber nin decir... E cal é a miña sorpresa, que cando me xiro vexo pola fiestra, lonxe, a dous alumnos que saen pola parte traseira do instituto, por un lugar polo que a única maneira de saír é saltando un muro... Tireilles un pouco da lingua aos seus compañeiros presentes e descubrín que habían planeado faltar a la última hora del viernes. Por lo que me comentaron, tiñan todo pensado... Só se lles olvidou un detalle: a fiestra do departamento onde damos esa clase dá ao patio traseiro por onde pensaran escapar...

E como digo cando remato unha clase: “mañá máis e mellor”.